



AS REDES DO SHANGAI. APROXIMACIÓN AO PROCESO MIGRATORIO GALEGO EN BARCELONA

Paulo Jablonski Garcia

Universidade de Santiago de Compostela

Universitat Autònoma de Barcelona

Adro

Eu non son Balbino. Fun coas vacas, ao toxo, calcei tramancas entre o millo e das patacas teño a lembranza do legón pero sempre tiven algo que botar á boca namentres non marchei de Galiza. Eu non son Balbino e non pasa nada.

Coa ponencia pretendemos matizar os estereotipos do emigrante famento que foxe dunha Galiza famenta e miserenta. Nós, dende a inconformidade da dúbida, preguntámonos sobre a verdade desta mitoloxía. O que aquí segue son os postigos do fenómeno da emigración galega en Barcelona sen máis pretensións que as de aportar elementos de debate sendo conscientes das eivas e sesgos da investigación que ofrecemos.

Presentamos a emigración coma unha peneira de mellora social. Ofrecemos unha visión parcial da emigración galega a Barcelona xa que o estudo non é bipolar (Devoto, 2000; Kaplan, 1998) é dicir, non contempla un traballo de campo en orixe coma deberan ser os estudos da emigración. A visión é dende Barcelona á que sempre facemos referencia e non a Catalunya porque é na cidade condal onde maior concentración houbo de galego e onde tomamos os datos.

Dividimos a presentación en cinco apartados. O primeiro adicado ao marco teórico. O segundo pincélanse elementos metodolóxicos. O terceiro e cuarto entran en materia referíndose ao contexto de orixe e ao de destino respectivamente. Coma último apartado apuntamos unhas conclusións non conclusivas.

Antes de comezar quería agradecer a todas as persoas que se deixaron gravar e someter ás preguntas de quen agora escribe.

1. Lindes teóricas

En primeiro termo, discutiremos sobre a natureza relacional ou substantiva do fenómeno da emigración para logo detérmonos no debate da importancia da fortaleza dos lazos á hora de procurar emprego.

A emigración se ben é un fenómeno frecuente, non constitúe a norma xeral. Hai máis persoas que non emigran que aquelas que deixan o seu lugar de orixe. A obviedade desta aclaración pon de manifesto que se o feito das migracións é un elemento fundamental na historia recente non é menos certo que os procesos migratorios non son nin foron a norma. Ao mesmo tempo, a emigración é un fenómeno que afecta de xeito diferente ás diferentes capas sociais. Martínez Veiga (1997: 131 e ss.) cita a Portes e Sassen cando afirma que os fluxos migratorios non nacen espontaneamente da pobreza. Kaplan (1993) afirma na mesma dirección que “o estendido argumento que sostén que estas *pobres xentes* veñen fuxindo da miseria e da fame é, simplemente, unha falacia. O que morre de fame non vén, sencillamente, porque non pode”. O feito migratorio impón, xa que logo, unha primeira peneira.

As motivacións que levan ao movemento das persoas son variadas e múltiples e non se poden aplicar nun mesmo sentido en todo lugar e en toda época. As causas políticas, económicas, familiares, personais ou demográficas imbrícanse conformando un conxunto de factores. A combinación destes faise imprescindible á hora de abordar o proceso migratorio. Con todo, incidir nas causas macroestructurais non é o obxectivo neste traballo. No presente traballo pretendemos fixar a mirada nas relacións sociais dos emigrantes. Se ben é certo que as relacións personais ou primarias por moi capilares que sexan non se poden desligar totalmente dos contextos xerais, abstraerse por un instante das “grandes causas” permitirá subliñar elementos que sitúen á emigración galega en Barcelona no punto de heteroxeneidade que lle correspón. Como escribiamos noutro lugar (Jablonski, 2002: 34-35): “Con frecuencia tendemos a falar de crises económicas, de veigas que non dan, de dinámicas demográficas, de políticas que nos veñen e non das vidas da xente que traballa nas veigas, sofre as políticas e disfruta a demografía”.

Neste senso, temos que afinar no momento anterior á emigración para o cal seguimos a Massey e García España (citados por Martínez Veiga, 1997: 133) cando indican tres elementos que aumentan a probabilidade de emigración:

- 1) a experiencia migratoria previa do propio individuo;
- 2) a presenza dentro da mesma unidade doméstica doutro membro da familia que teña emigrado;
- 3) a residencia nun pobo ou comunidade onde haxa taxas de emigración altas.

Estas tres condicións, para o caso galego, son unha constante en cada persoa emigrada. Este contexto propicia o fluxo migratorio e pon en evidencia a importancia de dous elementos clave para entendermos o fenómeno:

- 1) O fluxo de información entre as persoas emigradas e aquelas potencialmente emigrantes;
- 2) A existencia dun factor de solidariedade “obrigada” no lugar de destino que actuaría de guía e seguro á vez.

Dous elementos que nos sitúan de cheo no debate da importancia das cadeas nos procesos migratorios. Non se entende estudar a emigración sen examinar este nivel. Ramella (1995: 11) defende que “a emigración deixou de ser unha acción de desesperados compelidos a partir a causa dunha situación económica desastrosa, transformándose nunha elección realizada por individuos mobilizados por estratexias de superación social”. Afirmacións que poñen de relevo a importancia das redes sociais á hora de aproximármolos a un fenómeno tal coma a migración. Ao igual que Ramella defendemos o carácter posibilista de parte da emigración pero non podemos negar que a teoría da mobilización de recursos e da elección racional que subxacen ás posicións do autor que non estean matizadas por racionalidades alleas ao individuo.

Non cabe dúbida que as redes sociais son importantes á hora de estudar os procesos migratorios, pero explicar as motivacións de tales procesos exclusivamente pola existencia ou non destas redes, parécenos excesivo. Neste sentido, as palabras de Martínez Veiga (1997: 134-135) son oportunas cando di que “na configuración de certos procesos migratorios as redes xogan un papel máis importante que noutros casos. Incluso se pode pensar que hai casos nos que as redes xogan un papel irrelevante”.

Un dos problemas das posicións relacionais é a presuposición da importancia capital das relacións en todo fenómeno social. O debate de fondo é a elección dunha explicación relacional ou sustantiva da realidade social. Estas dúas perspectivas se presentan en varios autores como antagónicas ou irreconciliabeis (Bourdieu, 1997; Molina, 2001; Lozares, 1996). Nós adoptamos unha posición intermedia na que se resaltan as características relacionais en tanto que constitución de cadeas, redes sociais, etc., pero sen esquecer a existencia de elementos estruturais que inflúen nos fenómenos sociais en xeral, e nos migratorios en particular.

Por outra banda, poderíamos recalcar una motivación que poucas veces se ten en conta: as persoais. Non contamos con datos suficientes como para afirmar con rotundidade o grao de importancia desta motivación entre a poboación galega en Barcelona, pero si como para sinalar da súa existencia nada despreziábel. O “emigro porque me dá a gana” que sinala Kaplan (1993).

No estudio de Elixio Villaverde (2001) sobre a emigración galega en México adícase un capítulo ás cadeas migratorias. O autor vén a demostrar a importancia capital das persoas pioneiras na emigración mexicana para explicar os posteriores desprazamentos humanos cara o país norteamericano. A súa exposición de exemplos de cadeas migratorias correspóndese a casos ben exitosos na emigración galega. Neste sentido, cabe destacar que a influencia das cadeas ten unha estreita ligazón coa posición social e económica do pioneiro. Así, a posibilidade de colocación directa dos novos emigrantes por parte do primixenio mobiliza en maior grao ás persoas migrantes. Con todo, en contextos de menor éxito social e económico en destino, estas cadeas

situaríanse dentro do elenco de factores que empuxan ou reteñen, no efecto push/pull clásico, á poboación sen menosprezar a súa incidencia, pero si contemporanizando a súa importancia explicativa.

De todos os xeitos, a autonomía da opción de emigrar é tamén matizada polo autor citando un artigo de Devoto. Referímonos a un mecanismo migratorio “semiespontáneo onde o proceso comeza incentivado por medio de informacións parentais, paisanos ou públicos, pero o movemento resulta do produto de iniciativas e recursos dun individuo ou dunha familia illadamente” (*id.* 177) Estas iniciativas, prosigue o autor, “non deixan de ser comunitarias ou colectivas, se temos en conta que parten da información e do ambiente migratorio xerado polas redes sociais interactuantes dende as aldeas —nalgúns casos vilas— e parroquias galegas”. A esta acertada reflexión, engadiríamos unha importante casuística que se axusta a patróns explicativos de carácter estrutural. Estamos pensando nas motivacións causadas por reximes de herdanza de millora ou de privilexio ao primoxénito, imposibilidade de mantemento de actividade laboral no caso das explotacións agrogandeiras etc.

No contexto no que nos movemos a dialéctica microproceso-macroestructura que apunta Gledhill (2000) cobra a súa relevancia. Tal e coma indica Hernández Borge (2001) as emigracións intrapeninsulares acentúanse logo da aplicación do plan de estabilización económica pola dictadura franquista no ano 1959. Barcelona será o destino maioritario no conxunto intrapeninsular dende 1962 ata 1980. Sen obviar estes datos e a perspectiva economicista, as relacións entre orixe e destino xa sexan estas parentais ou de veciñanza serán clave para comprendermos esta preferencia barcelonesa á hora de emigrar.

Centrarémonos agora na importancia da natureza dos vínculos sociais nos procesos migratorios así como no contexto de destino. Atopámonos, xa que logo, ante a hipótese da importancia dos lazos febles na procura de emprego defendida por Granovetter (1995). O autor defende que “aqueles que teñen máis éxito son os que posúen contactos profesionais na vez de persoais, aqueles con lazos febles na vez de fortes e que fican en cadeas de información curtas” (Granovetter, 1995:93)¹. A súa hipótese afirma que os lazos febles ofrecen a posibilidade de maior información que a que o círculo persoal ofrece (52-53).

Sendo válidas as comprobacións empíricas que o autor aporta no seu estudio, nun contexto de emigración, as categorías conceptuais que el utiliza non son de todo oportunas. Neste sentido, non podemos estar de acordo coa operacionalización que realiza da fortaleza dos lazos. Granovetter mide a fortaleza dos lazos segundo o tempo de contacto entre dous suxeitos (1995: 53). O criterio do número de veces que se ven dúas persoas contraponse á diferenciación que o autor realiza entre “contactos ocupacionais”, referíndose ao ámbito laboral e “contactos socio-familiares”, en relación coa esfera familiar e de amizade. Se o definatorio dos lazos é o número de veces, toda clasificación debería seguir este criterio. Por outra banda, se unha das razóns pivote da argumentación de Granovetter é a diferente información entre o

¹ A súa investigación céntrase nunha poboación de traballadores altamente cualificados nun suburbio de Boston a finais dos anos 60 e comezos da década dos 70. Esta aclaración é pertinente dende o momento en que nos centramos a atención en poboación emigrante que, por outra banda, require, coma veremos, dun trato especial.

círculo de amizades e parentesco e o das relacións febles, nada presupón que o contacto esporádico implique, necesariamente, diferente información. Unha terceira crítica resulta case obvia, o número de encontros entre dúas persoas non é definitorio da intensidade da relación nin da súa reciprocidade.

Fronte Granovetter, Grieco “pon en discusión este modelo sobre a base de que (...) son os vínculos persoais *fortes* os que transmiten información sobre o traballo aos potenciais emigrantes, garantizando a súa incorporación á sociedade de chegada. O que aquí se resalta é que a *forza* dunha relación social está dada polo recoñecemento de relacións recíprocas, e non polo feito de que os individuos estean físicamente próximos” (Ramella, 1995: 20). Devoto (2000) fixa dous momentos no proceso migratorio en relación coa importancia dos lazos febles e fortes. Comenta o autor que “podiamos establecer unha periodización. Os lazos fortes son máis importantes nas fases iniciais da inmigración e os lazos febles nas sucesivas (...) Nas fases primeiras a confiabilidade da información é o elemento clave e iso fai que os lazos fortes sexan os máis importantes, logo que un movemento se consolide e a cantidade de información dispoñible é abundosa e o certidume da mesma é elevada pódese pensar que os lazos febles son igualmente importantes” (*id.*, 308).

Esta terceira vía presenta, ao noso entender, a mesma eiva que as súas predecesoras. Priorizar a importancia dun ou doutro lazo constiúe unha estratexia errada dende o momento en que a súa importancia depende dos contextos. Tentar teorizar sobre os lazos require centrar a mirada nos contextos e non tanto nos efectos do lazo. Así, na emigración galega a Barcelona, estes lazos desempeñan diferentes funcións dependendo dos contextos de cada emigrante.

Trátase de establecer as variabeis que incidirán na maior ou menor importancia dos lazos na emigración galega a Barcelona. No contexto de emigración os procesos de reelaboración do espazo social no novo contexto socio-cultural, presenta características particulares que obrigan a replantear a definición da natureza das relacións. Para comezar, os propios fitos identitarios varían a súa extensión. “entre moitos emigrados xérase un complexo proceso identitario polo que se supera a identidade local, aparecendo un sentimento de pertenza máis amplo” (Comas, 1990: 109). Xunto a esta variábel o contexto laboral co que se topa a persoa emigrada ten unha importancia capital á hora de atopar traballo. En contextos de escasez, os sistemas informais adquiren unha importancia maior á hora de alcanzar obxectivos laborais ou doutras naturezas (Adler Lomnitz, 1994). A terceira cuestión en discusión leva o debate a cuestións de xénero. A radical diferenciación nos empregos masculino e feminino na emigración galega a Barcelona e tamén unha sensíbel diferenza no proceso migratorio, lévanos a afirmar que o xénero é fundamental á hora de trazar a importancia dos lazos sociais para acadar traballo.

En resumo, o que vimos de discutir tanto no asunto referido ás motivacións como á relativa importancia de lazos fortes e febles está relacionado coa concepción da realidade social e a excesiva importancia que se lle tenta dar ao concepto de rede como elemento forte na explicación dos fenómenos

sociais. A dicotomía na que se presenta o debate empobrece en grande medida a importancia dunha e doutra perspectiva.

A postura que defendemos é semellante á adoptada por Requena Santos (1991). Este autor defende explicitamente a complementariedade. Tal e como menciona Hannerz (1980: 200) “a análise de rede supón un tipo particular de abstracción, máis que un tipo particular de relación”. Dende estes presupostos acercámonos á realidade da emigración galega en Barcelona.

2. Aspectos metodolóxicos

As pretensións deste traballo son prospectivas e, á vez, de carácter cualitativo. Adoptamos coma estratexia de investigación a realización de historias de vida de diferentes emigrantes galegos en Barcelona. Estas historias adoptaron a forma de biogramas que nos permitiron penetrar nas relacións primarias do noso obxecto de estudo e establecer hipóteses ou conxeturas para futuros traballos (Pujadas, 1992: 44).

A mostra elixida ten, xa que logo, a eiva da representatividade xa que unha deca de entrevistas non pode ser representativa dunha comunidade de máis de 100.000 persoas pero tampouco son estas as nosas pretensións. Os criterios seguidos para elixir a estas dez persoas foron o cronolóxico e o de xénero. Así o abano de entrevistados cobre un espazo que comeza no 1946 e remata no 1975. Sendo a súa composición de cinco homes e cinco mulleres.

A técnica que se utilizou para realizar os biogramas foi a entrevista semidirixida e individual. O guión establecido para a súa realización tiña dúas partes diferenciadas pero entrelazadas que non sempre se correspondían coa lóxica do discurso da persoa entrevistada. Por unha banda, o contexto en orixe atendendo e, pola outra, o contexto en destino. Todas as entrevistas foron transcritas².

3. Orixe. Preparando a emigración

As variabeis que estudiamos para facérmonos unha idea do contexto preemigrante en orixe foron catro: capital³ material, cultural, social e imaxinario da emigración. Expoñemos sucintamente.

No referente ao capital material, que se corresponde basicamente co sustento vital en orixe, puidemos comprobar coma a maioría das vidas das persoas emigradas non se caracterizaba pola miseria ou a fame. Este extremo foi negado na totalidade das entrevistas.

Observamos coma en termos relativos as persoas emigradas contaban con recursos que posibilitaban o acceso á emigración. Se ben isto non é unha característica común a todas as persoas si que se aprecia unha presenza, moitas veces negada, de recursos disponibéis. A venda ou arrendamento de terras para monetarizar este capital e axudar en destino era unha práctica frecuente.

² Aquí teño que agradecer o desinterese de Aleixo e Jabito Jablonski García que non dubidaron en botar uns dedos ao teclado.

³ Utilizamos o término capital seguindo a Bourdieu.

En canto ao capital cultural apreciamos unha clara diferenciación de xénero. Se ben as mulleres emigrantes consultadas se caracterizaban por carecer de formación escolar alén das “catro regras”, os homes si que contaban cunha mellor preparación que tampouco era xeralizada e, en ningún caso, superaba o bacharelato. O diferente acceso á educación e as estratexias familiares de inversión cultural na descendencia situaba á muller nun segundo plano. Con todo, era frecuente combinar o estudo co traballo.

A formación non tiña porque ser exclusivamente letrada senón que o coñecemento dalgún oficio como o de carpinteiro ou costureira constituía un capital central para a súa posterior colocación.

Entrando no terceiro e cuarto punto deste apartado, atopámonos coa existencia de elementos sinalados no comezo da ponencia. Referímonos a existencia de contextos emigrantes no lugar de orixe. Todas as persoas entrevistadas contaban con algún parente ou veciño emigrado. Esta é unha constante que analisada coma incentivo colócanos dentro dos presupostos sinalados no apartado teórico. Un contexto próximo á emigración alimenta a mesma emigración non só posibilitando esta opción senon normalizándoa dentro do abano de saídas posibles. Esta densa atmósfera de emigración limaba a dificultade de elixir o camiño da emigración ao mesmo xeito que dispuña dun capital social no lugar de destino que sería de gran axuda á hora de marchar.

Xunto a este contexto claramente emigrante atopamos un incentivo máis no proceso migratorio, a imaxe que se estereotipa da experiencia migratoria. Non son poucos os relatos de visitas de emigrantes ao seu lugar de orixe ostentando e mostrando as ganancias materiais aos conveciños.

A relación con outras realidades diferentes á galega tiña na mili un lugar de encontro para os homes. Dous dos entrevistados aseguraron que os primeiros contactos con Barcelona foron a través de amizades froito do servizo militar.

Antes de finalizarmos este apartado, apuntaremos certas motivacións e contextos que tamén estiveron presentes nas entrevistas. O sistema de herencia devén coma un elemento a ter en conta. No lugar con con sistema de mellora os que non herdaban suficiente tiñan na emigración unha saída case obrigada. Unha informante explica con in mellorabeis palabras:

“Moitos eran de porta aberta. Non tiñan traballo e viñan á necesidá. (...) Nalgúns sitios so hai un herdeiro namáis e o resto a buscar a cagalla do lagarto polo mundo.” (m.1946.81.)

Este factor tería que ser analizado segundo as zonas e sistemas de herdanza. No noso traballo evitamos profundizar neste tema pero si que deixamos constancia da súa existencia.

Outras dúas motivacións que se presentan repetidas nas entrevistas son a da mellora económica e social que case é transversal ás persoas consultadas e a motivación persoal. A primeira ten a súa importancia no noso plantexamento xa que este desexo de mellora vén asociado ao contexto anteriormente descrito e implica un impulso persoal relacionado coa estigmatizada idea dentro da comunidade galega de “emigro porque me dá a gana”. Como

paradigma desta idea recorrimos ao texto de Sotelo Blanco (1991: 22 e ss.) onde rexeita explicitamente esta posibilidade. Con todo, deixamos o debate para o apartado das conclusións.

4. Barcelona. Onde sae e chega o Shangai

Chegan a Barcelona tras tres días e dúas noites de traxecto ferroviario no Shangai e comeza a segunda parte do proceso migratorio. A interrelación entre orixe e destino ten na chegada a Barcelona a súa expresión máis visualizábel. Nós tentamos achegarnos a esta realidade fixándonos en tres aspectos: consecución da residencia, emprego e nos espazos de socialidade.

A maioría dos emigrantes contaban con contactos en Barcelona que agora serán activados para atopar residencia. Nun primeiro momento, que podía ir dende unha noite ata un par de meses, a maioría dos recién chegados durmían en casas de familiares ou veciños de confianza. Se se tratar de homes emigrados solteiros, era común ir vivir a unha fonda ou pensión. Esta era escollida polas persoas en Barcelona ou procurada polo mesmo interesado. Se se tratar de mulleres non era extraordinario que durmieran tamén en pensións, pero a súa residencia vai estar mediatizada en grande medida pola súa actividade profesional. Como veremos, o emprego por excelencia das galegas será o de sirvientas. Esta ocupación conlevaba dormitar na casa da *maestressa*. Neste senso, a súa presenza en pensións foi menor.

Cando viñan familias optaban así mesmo ás pensións pero rápido aforraban para mercaren un piso. O capital necesario para a adquisición proviña do pluriemprego común na comunidade galega máis tamén, en certos casos, da venda de propiedades na Galiza ou a inversión de aforros previamente existentes. Unha vez con casa en propiedade podemos apreciar, á luz das entrevistas, un traslado de patróns de asentamentos tradicionais galegos. Varias xeneracións convivindo xuntas ou un matrimonio con algún irmán ou irmá solteiros. Un dato importante é a ubicación xeográfica dos emigrantes non só por seren galegos senon por pertenceren a mesmas vilas, parroquias ou lugares. Barrios barceloneses coma a Verneda ou Horta salientan pola presenza de galegos. Modelos de grupos domésticos e patróns xeográficos de asentamento que precesarían dun estudio monográfico.

O segundo ámbito analizado é o do emprego. Aquí seguiremos a discusión sinalada no apartado teórico dos lazos fortes e febles na disputa Granovetter-Grieco-Devoto. Comentabamos que para o caso da emigración galega son tres as variabeis a ter en conta: xénero, contexto laboral e identidade. En canto ao xénero, apreciamos unha clara diferenza nas ocupacións. Se o home contou cun abano de ocupacións heteroxéneo dentro dos empregos non cualificados a muller reduciu moito este campo. As mulleres traballaban nunha alta porcentaxe no servizo doméstico. Este feito viña reforzado polos camiños da colocación, é dicir, moitas mulleres tiñan o emprego falado antes de chegar a Barcelona, aquelado normalmente por unha veciña ou familiar. Isto non foi exclusivo das mulleres pero si relativamente máis importante que para os homes.

En canto aos homes vemos que habendo casos de contratacións previas á viaxe, era en Barcelona onde verdadeiramente procuraban traballo. E así entramos na segunda variábel, o contexto laboral. Para analizar a importancia dos lazos fortes e febles, consideramos central pararse na cantidade de traballo dispoñíbel. Apreciamos coma dende finais dos anos 50 ata comezos dos 70 Barcelona ofrece emprego en abundancia.

Nun contexto de abondosa oferta, a fortaleza dos lazos persoais é continxente na medida en que as vías de acceso a un emprego eran públicos (*La Vanguardia*, cartaces, anuncios, etc.).

As fronteiras da identidade flexibilízanse nos contextos de emigración. Os límites parroquiais ou locais pasan a ser comarcais ou nacionais. A concentración de galegos en bares, festas ou asociacións provocaba o intercambio de información que tería as súas diferencias internas pero que se daban nun contexto de galegitude. Así, lugares coma o Centro Galego ou bares dos barrios de Horta ou mesmo no centro da cidade constituían verdadeiras oficinas de emprego. Pero a identidade non só xogou un papel importante cara dentro da comunidade, senon na súa proxección cara fóra. Se ben nos movemos entre conceptos coma estereotipos ou etiquetas, os galegos eran considerados coma xente traballadora polo que adquirirían un plus para seren contratados e, do mesmo xeito, explotados.

Estas tres variabeis veñen a demostrar que para o caso galego en Barcelona, a natureza dos lazos á hora de conseguir traballo é un dato secundario. De feito, aos tres aspectos tratados poderíamos engadir un cuarto do que só unha informante fixo referencia: a existencia de persoas redistribuidoras de emprego. Isto non é máis que un eufemismo para describir a persoas da administración municipal ou en postos de responsabilidade do sistema de metro e tranvías que literalmente vendían postos de traballo. Olegario Sotelo Blanco (1991: 136 e ss.) tamén fai mención deste episodio que habería que estudar en maior profundidade.

O terceiro apartado do que nos fixemos cargo nas entrevistas é o dos contextos de sociabilidade galegos en Barcelona. Aquí sinxelamente faremos unha breve exposición. Foron frecuentes as festas e romarías de galeg@s. Lugares coma Les Planes, Vallvidrera son lugares onde dende a primavera os galeg@s realizaban festividades sendo pioneira a comezos dos 50 a celebración do Santiago. Lugares de reunión público foron a Praza de Catalunya, onde se xuntaban os emigrantes cos fill@s tal e coma hoxe se xuntan os emigrantes subsaharianos ou americanos. Especial mención fan os informantes da Font Trobada en Montjuïc como lugares de bailes. Do mesmo xeito, o Centro Galego constituíu un lugar fundamental de reunión sendo o decano das asociacións galegas en Barcelona.

Os días de maior festa coincidían coa fin de semana acentuándose o domingo á tarde coma día de descanso xeralizado. Con todo, os xoves eran tamén días de troula sobre todo para as mulleres do servizo doméstico. Este era o día no que libraban e podían saír a divertirse. Algunhas das mulleres informantes comentan como este era o único día no que podían ir ao baile e relacionárense con mozos da súa idade. Mozos na súa grande maioría galegos xa que atopamos que nunha alta porcentaxe os matrimonios foron entre galeg@s.

Os espacios de sociabilidade nomeados, os bares frecuentados primeiro e logo rexidos por galegos e a concentración da emigración en determinados barrios contribuíron ao patrón de casamento sinalado. Xunto a estes factores engadimos o carácter familiar desta emigración e o traslado nalgúns casos de boa parte das relacións sociais e familiares de orixe. Atopamos con casos coma pode ser o da parroquia de Vilaver de Cervantes en Os Ancares onde se produciu un traslado case literal da parroquia a Barcelona. Tal foi o trasego que a organización das festas da parroquia, diferentes arranxos da igrexa e cemiterio foron e son impulsados dende Barcelona. Do mesmo xeito, diferentes informantes coincidiron en afirmar a existencia de xuntanzas anuais de veciños e parentes en Barcelona tal e coma estiveran na parroquia de orixe. Esta reprodución das relacións sociais que en menor ou maior grao se deron xunto coa parella identificación de clase explica en grande medida que as relacións primarias dos emigrantes e os casamentos sexan galegos.

5. Conclusións non conclusivas

A emigración galega a Barcelona foi maiormente familiar e de moi parella proporción entre os dous sexos (Hernández, 2001). No caso da familiar, foi normal que o home se adiantara uns meses para logo viaxar a muller.

A emigración a Barcelona non sempre foi polo que resulta moi dificultoso cuantificar o número de galegos que por alí pasaron.

As motivacións para emigrar foron numerosas pero rexeitar as persoais (Sotelo Blanco, 1991: 136 e ss.) homoxeiniza en exceso o proceso. O “emigro porque me dá a gana” é minoritario pero entra dentro do emigro “para probar sorte” que xa é máis común. Entre os informantes déronse as dúas casuísticas e mesmo emigrar deixando sementadas as leiras por se acaso non ía ben a experiencia. Temos, xa que logo, todo un abano de emigrantes que elixen, dentro do nomeado contexto de emigración, marchar co obxectivo de mudar e mellorar socialmente.

Esta vontade de mellorar asentouse sobre certos recursos que facilitaban o proceso migratorio. Apreciamos nas entrevistas a existencia de diferentes capitais que se poñen en valor na emigración. O material que posibilita a viaxe ou o sustento nos primeiros momentos en Barcelona e o social que enlaza ao recién chegado cunha rede de relacións que abre portas no mundo da residencia, emprego e sociabilidade traducíndose en material. O capital cultural, entendido coma formación, aínda que existente nalgúns casos, é menos importante pola súa escasa presenza.

En canto á existencia de cadeas migratorias propoñemos unha periodización no seu uso. A partir dos anos 40 recomeza a emigración galega a Barcelona sendo esta emigración xente con recursos materiais. Nesta década e comezos da seguinte aséntanse as bases da poboación galega en Barcelona. Nunha etapa que comeza cara finais dos anos 50 provocado polo contexto do Estado español pero alimentado por esa base actívanse toda unha serie de cadeas que estarán en vigor ata comezos dos 70. A partir de entón son outros os destinos.

En síntese, o que de aquí substraemos é a ese neno labrego, o Balbino

de aldea que pulula na particular mitoloxía galega da emigración, matizándoo e situándoo no lugar que lle correspón sen maior pretensión que a de dúbida das imaxes, etiquetas e estereotipos que en nada axudan á análise da realidade.

Bibliografía citada

- ADLER LOMNITZ, L. *Redes sociales, cultura y poder: ensayos de antropología latinoamericana*. México: FLACSO, 1994.
- BOURDIEU, P. *Razones prácticas. Sobre la teoría de la acción*. Anagrama, Barcelona, 1997 [1994].
- COMAS D'ARMEGIR, D. "Emigración, Etnicidad y redes de parentesco en un barrio de Tarragona". *Identidades colectivas. Etnicidad y sociabilidad en la Península Ibérica*. Coords. J. Cucó, J. J. Pujadas. Valencia: Generalitat Valenciana, 1990. 107-130.
- DEVOTO, F. J. "Las cadenas migratorias de Santiago de Compostela hacia las Américas". *Galicia nos contextos históricos*. Ed. P. Cagiao. *Semata*, 11 (2000): 299-315.
- GLEDHILL, J. "De la macroestructura al microproceso: análisis antropológico de la práctica política". *El poder y sus disfraces*. Barcelona: Edicions Bellaterra, 2000 [1999]. 201-240.
- GRANOVETTER, M. *Getting a job. A study of contacts and careers*. Chicago: The University of Chicago Press, 1995 (2ª ed). 139-182.
- HANNEMAN, R. A. *Introducción a los métodos del análisis de redes*. 2000. [Data de consulta: outubro do 2000]
<<http://wizard.ucr.edu/~rhanneman/networks/text/textindex.html>>
- HANNERZ, U. *Exploración de la ciudad. Hacia una antropología urbana*. Madrid: FCE, 1993 [1980].
- HERNÁNDEZ BORGE, J. "Dúas correntes migratorias galegas da segunda metade do século XX a continental e a interior". *Letras en Deusto. Dez anos de estudos galegos 1991-2001*. Ed. de Mª. L. Suárez e I. Seoane. Bilbao: Universidad de Deusto, 2001. 145-157.
- JABLONSKI GARCIA, P. "Fluxos migratórios e maletas na estación do tren". *Alborada. Publicación Cultural do Centro Galego de Barcelona* (decembro 2002): 34-36.
- KAPLAN, A. "Movimientos migratorios, movimientos culturales". *Quaderns de Serveis Socials*, 5. Barcelona: Diputació de Barcelona, 1993.
- *De Senegambia a Cataluña. Procesos de aculturación e integración social*. Barcelona: Fundación La Caixa, 1998.
- "Los procesos migratorios. Una motivación económica: senegambianos en Cataluña". *Barcelona siglo XXI: Mosaico de culturas*. Barcelona: Museu Etnològic de Barcelona-Editorial Bellaterra. 2002. 121-132.
- LOZARES, C. "La teoría de redes". *Papers*, 48 (1996): 103-126.
- MARTÍNEZ VEIGA, U. *La integración social de los emigrantes extranjeros*

- en España*. Madrid: Editorial Trotta, 1997.
- MOLINA, J. L. *El análisis de redes sociales. Una introducción*. Barcelona: Edicions Bellaterra, 2001.
- PUJADAS MUÑOZ, J. J. *El método biográfico. El uso de las historias de vida en Ciencias Sociales. Cuadernos metodológicos 5*. Madrid: CIS, 1992.
- RAMELLA, F. “Por un uso fuerte del concepto de red en los estudios migratorios”. *Emigración y redes sociales en la Argentina*. Comp. M. Bjerg e H. Otero. Tandil: CEMLA-IEMS, 1995. 9-21.
- REQUENA SANTOS, F. *Redes sociales y mercado de trabajo. Elementos para una teoría del capital relacional*. Madrid: Centro Superior de Investigaciones Científicas, 1991.
- SOTELO BLANCO, O. *La emigración gallega en Catalunya*. Compostela: Sotelo Blanco, 1991.
- VILLAVERDE GARCÍA, E. “O papel esencial das cadeas migratorias e as redes sociais”. *Pioneiros na corrente do Golfo*. Vigo: Xerais, 2001. 175-312.

Jablonski Garcia, Paulo. “As redes do Shangai. Aproximación ao proceso migratorio galego en Barcelona”. *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003*. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edición do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.